

os seguintes lindes: norte, rúa nº 1; sur, paseo de Barro Soto; leste, resto do terreo do Instituto e oeste, terreos do concello e cuartel da Garda Civil. Inscrita no Rexistro da Propiedade de Ortigueira, no tomo 221, libro 132, folio 2, predio 14.984, inscrición 3ª.

Artigo 2º

A cesión de uso queda sometida ás seguintes cláusulas:

a) A prórroga de cesión de uso outórgase por un período de dez anos, contados desde a finalización do período anterior, prorrogables por outros períodos sucesivos da mesma duración, se así o acordase expresamente o Consello da Xunta, por proposta da Consellería de Economía e Facenda e logo de petición do cesionario con anterioridade ao vencemento do período anterior, quedando excluída a tácita recondución.

b) O fin da cesión será a continuidade da actividade que desenvolve a asociación no centro ocupacional, comprometéndose a permitir o uso do taller de tecnoloxía do centro ocupacional por parte do Instituto de Bacharelato Mixto de Ortigueira.

c) Se o dereito cedido non se aplicase ao fin sinalado dentro do prazo de dous anos contados desde o inicio do período de prórroga, deixase de estalo con posterioridade, ou se incumprisen calquera das outras cláusulas, considerarase resolta a cesión e o dereito reverterá á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 87 do regulamento da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma galega.

d) As obras de adaptación, reparación e mellora do inmovible, que serán por conta da entidade cesionaria, requirirán a presentación do proxecto e a súa aprobación pola Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Economía e Facenda. Serán igualmente de conta da cesionaria os gastos de conservación, mantemento e servizos do inmovible. En todo caso, as expensas investidas quedarán en beneficio do inmovible e, en ningún caso, poderán ser reembolsados pola Comunidade Autónoma de Galicia, propietaria do inmovible.

e) A *Asociación Pro Minusválidos del Ortegal* subscribirá unha póliza, da cal será beneficiaria a Comunidade Autónoma de Galicia, que cubra os danos da parte do inmovible do que se cede o uso, así como a responsabilidade civil por posibles danos a terceiros.

Disposición derradeira

A Consellería de Economía e Facenda, a través da Secretaría Xeral e do Patrimonio, levará a termo todos os trámites necesarios para a efectividade deste decreto.

Santiago de Compostela, quince de marzo de dous mil sete.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

José Ramón Fernández Antonio
Conselleiro de Economía e Facenda

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Decreto 50/2007, do 22 de marzo, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007.

A Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, no seu artigo 29, establece os criterios en que debe enmarcarse a oferta de emprego público, concibida como instrumento de programación das necesidades de persoal e de racionalización do emprego público e dos procesos de selección de persoal, en que deben primar os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

O artigo 28 da Lei 14/2006, do 29 de decembro, de orzamentos xerais de Galicia para o ano 2007, determina que o Consello da Xunta poderá autorizar, por proposta da consellería competente na materia e co informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, a convocatoria de prazas vacantes que considere que poidan afectar o funcionamento dos servizos públicos esenciais.

A disposición transitoria décimo sétima da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, prevé a adopción de medidas que permitan a redución da porcentaxe de profesorado interino nos centros educativos, prescribindo que durante os anos de implantación desta, o acceso á función pública docente se realizará mediante un procedemento selectivo en que na fase de concurso se valorarán a formación académica e, de forma preferente, a experiencia docente previa nos centros públicos na mesma etapa educativa, ata os límites legais permitidos.

Así mesmo, a disposición transitoria terceira da Lei 14/2006, do 29 de decembro, de orzamentos xerais de Galicia para o ano 2007, autoriza, de conformidade co establecido na disposición transitoria quinta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a que o persoal laboral fixo que realice funcións docentes en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que se incorporasen a estes con anterioridade á entrada en vigor da citada lei ou se incorporen durante os tres primeiros anos da súa aplicación, procedentes de centros dependentes de calquera Administración pública, como consecuencia da integración destes centros na rede de centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, poidan acceder aos corpos docentes a través dunha quenda especial.

Polo anterior, e tendo en conta a planificación educativa e as prazas vacantes nos distintos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, cómpre a aprobación da oferta de emprego público relativa aos corpos docentes, no ano 2007.

Na súa virtude, consultada a mesa sectorial docente non universitaria, por proposta da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, logo de informe favorable da Consellería de Economía e Facenda e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e dous de marzo de dous mil sete,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Aprobación da oferta de emprego público dos corpos docentes.

Apróbase a oferta de emprego público correspondente aos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para o ano 2007 nos termos que se establecen neste decreto, e de conformidade co disposto no artigo 29.6º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.

Artigo 2º.-Cuantificación da oferta de emprego público.

Corpo de mestres: 1.350.

Corpo de profesores de ensino secundario: 994.

Corpo de profesores técnicos de formación profesional: 90.

Corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas: 30.

Corpo de profesores de música e artes escénicas: 150.

Corpo de profesores de artes plásticas e deseño: 19.

Acceso ao corpo de catedráticos de ensino secundario: 400.

Acceso ao corpo de catedráticos de escolas oficiais de idiomas: 25.

Acceso ao corpo de catedráticos de artes plásticas e deseño: 15.

Artigo 3º.-Persoal laboral fixo de carácter docente.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convocará, ademais, de conformidade co establecido na disposición transitoria terceira da Lei 14/2006, do 29 de decembro, de orzamentos xerais de Galicia para o ano 2007, unha quenda especial para que poida acceder aos corpos docentes o persoal laboral fixo que realice funcións docentes en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e reúna os requisitos previstos na disposición transitoria quinta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. O número de prazas distribuídas por corpos é o seguinte:

Corpo de mestres: 21.

Corpo de profesores de ensino secundario: 27.

Corpo de profesores técnicos de formación profesional: 4.

Artigo 4º.-Reserva para persoas con discapacidade.

Do total de prazas ofertadas para ingreso reservárase unha cota do 7% do conxunto delas para

seren cubertas por persoas cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33%. A distribución da dita reserva por corpos e especialidades efectuarase na convocatoria das probas selectivas. As prazas que queden vacantes da quenda de discapacidade non se acumularán ás convocadas pola quenda libre.

Artigo 5º.-Admisión de persoal con discapacidade.

1. Nas probas selectivas para o acceso ás prazas ofertadas serán admitidas as persoas con discapacidade en igualdade de condicións cos demais aspirantes.

As convocatorias non establecerán exclusións por limitacións físicas ou psíquicas, sen prexuízo das incompatibilidades co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes.

2. Nas probas selectivas establecerase, para as persoas con discapacidade que o soliciten, as adaptacións de tempo e medios para a realización. Nas convocatorias indicarase claramente esta posibilidade, así como que os interesados deberán formular a petición concreta na correspondente solicitude de participación.

Para tal efecto os tribunais de selección poderán requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos da Administración competente.

Artigo 6º.-Promoción interna.

Do total de prazas convocadas para o corpo de profesores de ensino secundario e do corpo de profesores de artes plásticas e deseño reservárase unha cota do 10% para promoción interna. A distribución da dita reserva por especialidades efectuarase na convocatoria das probas selectivas. As prazas que queden vacantes da quenda de promoción interna non se acumularán ás convocadas pola quenda libre.

Artigo 7º.-Adquisición doutra especialidade.

A Consellería de Educación e Ordenación universitaria poderá, ademais, convocar o procedemento para que os funcionarios docentes que dependan directamente dela poidan acadar unha nova especialidade dentro do corpo a que pertencen.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria para ditar, dentro das súas competencias, as normas precisas para o desenvolvemento deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e dous de marzo de dous mil sete.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria